



Yolanda Vizcaya Pérez


ASPACE. Sada (A Coruña)

yolinhavp@hotmail.com

Javier Martín Betanzos

IES Rafael Dieste (A Coruña)

jamarbet@edu.xunta.es






Na sala multisensorial, o alumnado recibe terapia individual e personalizada

Sala multisensorial: espazo de estimulación e relax

A sala multisensorial, ou sala Snoezelen, de ASPACE (A Coruña) pódese definir como un lugar destinado a estimular os sentidos e proporcionar calma e seguridade. Nela todo recoñecemento cognitivo queda relegado a un plano moi secundario, porque o que nos interesa é conseguir que os nenos sexan quen de ver, sentir, tocar, entender, probar e crear de forma diferente. Trátase, polo tanto, dun espazo idóneo para a estimulación de persoas intelctualmente discapacitadas, aínda que hoxe en día o seu uso é moito máis amplo.

A sala comeza a funcionar en novembro de 2004 coa finalidade de ofrecer un tratamento alternativo aos usuarios do centro. ASPACE Coruña é unha asociación que forma parte da Confederación Española de Federacións e Asociacións de Atención ás Persoas con Parálises e Afíns (Confederación ASPACE). Trátase dunha organización sen ánimo de lucro, de ámbito estatal e con implantación nas 17 comunidades autónomas.



Os usos da sala

As aplicacións deste recurso e os obxectivos que se poden acadar son variados. Experimentado con nenos e nenas con deficiencias sensoriais contribúe a estimular a percepción da luz, a fixación, o seguimento e outras habilidades relacionadas co campo visual. Tamén ao desenvolvemento de habilidades de escoita para localizar, seguir a traxectoria e detectar a frecuencia do son e o seu volume. Permite, así mesmo, estimular o sentido do tacto, tan importante para a nosa supervivencia e un dos modos de comunicación máis utilizados. Por último, o gusto e o olfacto, sentidos esquecidos moitas veces, poden ser traballados, así mesmo, na sala.

Como función psicopedagóxica debe usarse cun programa de actuación previo orientado á adquisición, recuperación ou rehabilitación de hábitos, condutas e comportamentos, nunca como reforzador aversivo, cuarto de illamento ou lugar comodín. Como parte integrante do currículo, a sala multisensorial é un instrumento que se adapta ás necesidades e capacidades de cada un dos usuarios, xa que pode chegar a todos por ser primario, porque se basea no mundo das sensacións, e pola posibilidade de ser integrado na programación.

Un mundo de estimulación e relaxamento

A maioría dos nosos rapaces son moi especiais: están afectados de graves alteracións motoras, sensoriais e comunicativas, ademais de atraso mental. O que pretendemos coas salas Snoezelen é facer que esperten os seus sentidos, os afectos e as emocións, co fin de "reencontrar a persoa" e establecer con ela unha relación, sen esquecer o corporal. Para conseguilo, conxugamos a aprendizaxe co lecer, nun

ambiente acoledor e con terapias individuais e personalizadas que facilitan a comunicación do usuario co profesional, á vez que incrementa as súas posibilidades de movemento, percepción, equilibrio e coordinación de posturas. Para iso empréganse distintos elementos: proxectores de imaxes, tubos de burbullas, fervenzas de luces, difusores de aromas, música, colchóns de auga, piscina de bólas, etc.

O tubo de burbullas é unha das pezas imprescindibles en calquera sala de estimulación multisensorial, sobre todo nas chamadas salas brancas. É un tubo acrílico polo que ascenden burbullas de cores ao mesmo tempo que vibra. Grazas ao cal proporciona uns sorprendentes estímulos. Preséntase en dous modelos: a columna pasiva e a interactiva; a columna pasiva non responde a ningunha operación que efectúe o usuario, mentres que a interactiva vai dotada dunha caixa de pulsadores con 4 botóns para poder cambiar a cor (azul, verde, vermella e amarela). O tubo facilita a estimulación táctil, visual e auditiva.



Os feixes de fibra óptica constitúen unha fonte luminosa e están formados por un feixe de 100 fibras de vidro de 2 metros de lonxitude. Nelas aparecen e desaparecen multitude de puntos de luz que mudan de cor. O cambio de cores ofrece a estimulación visual e axuda á concentración, acougando e distendendo á vez. Estas variacións provocan un efecto relaxante a quen as mira. Os fíos tamén ofrecen unha estimulación táctil fascinante. Unha das súas vantaxes é

que podes levar a luz ata onde está o neno sen necesidade de que sexa el quen se achegue a tocala.

O colchón de auga musical ten calefactor e un termóstato para graduar a temperatura da auga. Debaixo hai altofalantes e o son transmitido a través da auga produce unha vibración relaxante. Subministra estimulación somática e auditiva. Con este elemento pódense realizar abalos, provocar movementos de ondas, desequilibrios para que o usuario perciba esta sensación e responda a ela. Podemos tamén utilizar e aproveitar o movemento da auga para facilitar xiros e cambios posturais.

O puf de microbolas, ou coxín posicionador musical permite tomarse case por completo. Como no colchón de auga, o puf de microbolas ten tamén uns altofalantes na base que están conectados a un reprodutor musical, de tal forma que o son transmitido fornece unha vibración relaxante. A súa cubrición é como a dos colchóns e está recheo de bólas de polistireno expandido. Este material axuda a que os usuarios adopten unha postura determinada en función da súa afectación global.

A bóla de espellos e o proxector serven para xerar ambiente. Con eles pódense traballar algúns aspectos como o seguimento visual, aínda que hai sistemas máis adecuados para iso, por exemplo, o tubo de burbullas. A bóla de espellos está situada no teito e proxecta círculos de cor en toda a sala. Ao activarse, multitude de luces de cores viran envolvendo a sala nun lento movemento. É de grande utilidade para crear ambientes confortables que convidan a escoitar música relaxada. O proxector funciona con rodas de efectos que podemos idear nós mesmos en función dos gustos, necesidades e preferencias do usuario.

A piscina de bólas, permite o xogo a persoas adultas. No seu interior

hai unhas 700 bólas que son as que acariñan toda a superficie do corpo, aparecendo unha sensación táctil en toda a superficie da pel. Existen outros elementos nas salas multisensoriais, como pelotas ourizadas, ovos sonoros, aneis sensoriais, bólas cristalinas con escintileos, pelotas nodosas, pelotas olorosas, hamaca de teito, placas de sensacións plantares, pelotas con axóuxere, etc. Pero non fai falta ter un arsenal de aparatos, se temos claro o que queremos conseguir, xa que algúns se poden substituír con materiais caseiros e boas doses de imaxinación.

Todos estes elementos contribúen ao desenvolvemento de habilidades de escoita, localización, seguimento da traxectoria e detección da frecuencia e volume do son. O sentido do tacto, vital para a nosa supervivencia, é un dos nosos modos de comunicación máis utilizados. A sala pode ser un lugar para experimentar con obxectos táctiles e paneis con distintas texturas. O gusto emprégase para memorizar e experimentar. Poderíase argumentar que a sala Snoezelen non é o lugar para exercitar o gusto, porque o contorno ten moitos recursos para prestarlle a esta actividade, pero aquí traballámolo a través de diferentes temas, contos e historias. Tamén o olfacto está presente todo o tempo e dános moita información. Ás veces considérase un dos sentidos complementarios, pero con frecuencia o cheiro axúdanos a reforzar unha imaxe visual ou sonora.

Unha oferta adaptada ao noso alumnado

Traballamos nunhas condicións moi especiais. Cada sesión planifícase en función das necesidades da persoa e do momento. Ao tempo, dámoslle a oportunidade de elixir, e cando un rapaz ou rapaza amosa preferencia por un elemento particular tomámolo como ferramenta de diversión e desenvolvemento.

Por outra banda, a sala Snoezelen preséntase como un modelo de comunicación que lles permite aos alumnos gravemente afectados, manifestarse, relacionarse co mundo que os rodea e darlles un mínimo de independencia, á vez que nos vale a nós como canle de información e coñecemento. Hai moitos aspectos da comunicación que se poden desenvolver nela, como, a seriación, a quenda para coller a palabra e a linguaxe de signos e a voz. As persoas con discapacidade teñen acotío problemas de comunicación e de habilidades sociais e nós aproveitamos todas as ocasións para estimulalas e promovelas.


Traballamos sempre cun programa de actuación previo que pretende estenderse a contextos educativos ordinarios, sobre todo en centros de escolarización preferente de determinadas discapacidades. Esta idea está máis que xustificada porque as funcións que vimos comentando son perfectamente utilizables nos diferentes tipos de déficit: perceptivos, motores, comunicativos, así como elemento de relaxación en certos trastornos asociados da parálise cerebral: cambras, espasmos, etc.

Falamos dun espazo idóneo para conseguir a recuperación ou rehabilitación de hábitos, condutas e comportamentos necesarios e convenientes. Adáptase ás necesidades e capacidades de cada persoa, porque se basea no mundo das sensacións e permite integralo na programación. Pode usarse para explorar o mundo e ampliar os campos perceptivos, como apoio para compensar o déficit motórico, para facer relaxamento, ou como instrumento lúdico.





Como responden os alumnos

A continuación presentamos algúns dos casos atendidos neste centro. O nome dos rapaces e rapazas omitiuse co fin de preservar a súa intimidade.

X. ten 21 anos e sofre unha parálise cerebral secundaria á encefalite, acompañada de alteración motora que lle impide comunicarse cos demais e desenvolverse por si mesmo. Precisa axuda constante, por iso recibe asistencia e tratamento na nosa Asociación. É un dos 86 usuarios que se benefician das técnicas da Estimulación Snoezelen. X. está nunha sala, especialmente acondicionada e sen luz natural para que non reciba ningunha distorsión allea aos estímulos que vai recibir durante 30 minutos: luces, música clásica e cores que se proxectan nas paredes, de forma suave e tenue que convidan á relaxación e crean una atmosfera moi especial. Mentres permanece tendido sobre unha cama de auga, Yolanda, a terapeuta ocupacional, non deixa de acariñalo, ao tempo que traballa o seu tenso ton muscular e as súas articulacións, rixidas, e os movementos de pescozo e cabeza, pendente das súas reaccións. A terapeuta di que lle encanta e que se mostra moi relaxado: “é como mergullarse nunha gran burbulla, envolverse nela e deixar que falen todos os sentidos”.



B é unha persoa con discapacidade motora e intelectual. Non ten linguaxe verbal e no seu comportamento alternan períodos de calma con outros de axitación nos que emite berros. O que máis lle gusta parece que son os estímulos con luz, como a fibra óptica. Espértanlle un grande interese as pelotas ourizadas, pero a maior parte do tempo da sesión pásaa mirando como cambian de cor os múltiples puntos de luz.



APfoille diagnosticada unha parálise cerebral. O seu paso pola sala Snoezelen é todo unha festa. Nela semella que prefire os estímulos vibratorios como os tubos de burbullas, para os que queda mirando boa parte da sesión. Gústalle tocálos, abrazalos e pegar a orella para escoitar as suaves vibracións. O feito de arrincarlle un sorriso é xa un gran logro.

Facode á sesión moi contenta, incluso é ela quen me leva da man para que lle ensine os peixes. Pode botar un momento observando como flotan arriba e abaixo. Ao final sempre a invade unha sensación de benestar e relaxamento que fai que quede durmida.

M non pode ver e na sala multisensorial parece que prefire os estímulos vibratorios e sonoros. Non é quen de expresar verbalmente se estes estímulos lle gustan ou non, pero o feito de que os busque e explore é suficiente resposta.

Rpresenta parálise cerebral con secuelas de tetraplexía espástica de predominio dereito, hipoacusia e diminución da agudeza visual acusada en ambos os ollos. Ten grandes deformidades e os músculos do seu corpo están moi contraídos. Observamos que esta tensión comeza a diminuír ao estar deitada sobre o colchón de auga. É unha das respostas que pode dar.

Avaliación da experiencia

No tempo que levamos traballando na sala Snoezelen, observamos que:

- Os nenos se relaxan, acougan e manteñen máis o contacto físico e visual, á vez que o pasan ben.
- Se reduciron os problemas de comportamento, porque todo transcorre nun ambiente de confianza e máis distendido, polo que as persoas con tendencias violentas atopan aquí maior tranquilidade.

- Temos a impresión de que neste espazo se creou outro mundo, un contorno de sosego no que melloraron as habilidades sociais.

- As actividades non adoitan provocar rexeitamentos, de aí que se producise melloría nas relacións entre o usuario e a terapeuta.

Polo que toca aos usuarios:

- Todos teñen cabida neste modelo porque non se necesitan competencias nin coñecementos previos.

- A intervención de forma global adáptase mellor aos seus niveis de desenvolvemento, é máis realista e, por conseguinte, máis significativa para eles.

- Os nenos realizan maior actividade, o que incrementa a participación e a cantidade de respostas; amósanse contentos e gozan máis.

- As actividades poden levarse a cabo en diferentes contextos, enriquecendo a experiencia (sala de hidroterapia ou contorno inmediato).

- O incremento do contacto corporal favorece a súa seguridade e potencia as súas emisións comunicativas básicas, axudando tamén ao seu desenvolvemento afectivo.

- Os profesionais temos máis ferramentas para saber os seus gustos, preferencias e intereses, polo que se abre unha pequena vía no camiño cara á autodeterminación en alumnos con graves discapacidades.

En xeral, son persoas que expresan os seus sentimentos sen esperar nada a cambio. Os obxectivos con estas persoas presentámoslos a moi longo prazo porque, na maioría dos casos, os avances son lentos. Pero cando vemos un sorriso, unha mirada de gozo, un movemento voluntario ou, simplemente, observamos que controlan a saliva, sentímonos moi gratificados.



Bibliografía

- LÁZARO, A. (2002) *Aulas multisensoriales y de Psicomotricidad*. Zaragoza, Mira Editores.
- LÁZARO, A. (2006) Entornos de estimulación multisensorial. *Revista Iberoamericana de Psicomotricidad y Técnicas Corporales* (22) 115-124. <http://www.iberopsicomot.net/2006/num22/2articulo09.pdf>
- LÁZARO, A., ARNÁIZ, P. e BERRUEZO, P. P. (2006) *De la emoción de girar al placer de aprender. Implicaciones educativas de la estimulación vestibular*. Zaragoza, Mira Editores.

Máis información

http://www.handycat.com/snoezelen_cas.php

<http://www.iberopsicomot.net/multisen.htm>

<http://portal.ccm.es/social/estimulacion/index.shtml>

http://area-web.net/logopedas/?page_id=47